



V Xornadas da Fundación Olga Gallego

Olga Gallego na vangarda (1923-2023): novos retos para os arquivos

Santiago de Compostela, 23 e 24 de novembro de 2023

Conclusiones

1. A intelixencia artificial constitúe unha disciplina científica que ofrece múltiples oportunidades e formula retos considerables a nivel global en campos tan diversos como a regulación legal, a educación ou a ética.
2. Os arquivos son un instrumento fundamental para abordar eses retos e deben aproveitar o potencial que a intelixencia artificial ofrece para o tratamento da información.
3. Con independencia dos cambios conceptuais que estes novos sistemas achegan, os arquivos deben tratar de buscar solucións prácticas.
4. Estas solucións deben partir da identificación de problemas concretos en todas as áreas funcionais do traballo arquivístico e buscar solucións específicas para cada un deles.
5. Abordar conceptualizacións dos arquivos desde ámbitos diferentes á propia Arquivística, en combinación cun esforzo de introspección desde a propia disciplina, significa abrílos a novas perspectivas coa finalidade de facelos cada vez máis inclusivos e enriquecer o valor dos fondos documentais.



6. A perspectiva feminista segue a ser unha materia pendente nos arquivos, a pesar dos avances constatados no nivel legal e práctico, con iniciativas illadas e valiosas. Cómpre crear redes para coordinar esas iniciativas de forma adecuada e desenvolver instrumentos prácticos.

7. A memoria democrática conta na actualidade cunha lei que facilita un dereito específico de acceso aos documentos e á información dos arquivos, moi amplo, que transcende a tradicional aproximación á materia. Investigar nos arquivos debe ser un medio efectivo de exercer o denominado “dereito á verdade”.